

## **Ola familias,**

Desexamos que sigades todas ben.

Ao igual que a semana pasada, preparamos actividades que podedes facer sen imprimir, para elaboralas na casa so precisamos papel e rotulador, lapis, cera... e obxectos que teñades por casa, todo serve!

Na primeira parte do documento explícase como realizar estas actividades, e na segunda, as fichas para imprimir.

Esta semana repásanse seguintes os conceptos:

- Longo e curto
- A un lado e ao outro lado
- Baleiro e cheo
- Primeiro e último dunha fila
- Relacións entre elementos.
- Figuras xeométricas
- Series
- E números.


Se realizan as actividades nas que non é preciso imprimir xa é suficiente.

**Grazas pola vosa colaboración!**

## CURTO-LONGO

A nena ou neno buscará obxectos longos e curtos. Pode comparalos, establecer grupos (longos e curtos), ordenalos do máis longo ao máis curto...

Despois, nunha folla pode debuxar liñas longas e curtas ou debuxar os obxectos que atopou. É recomendable que escriba o seu nome.





## A UN LADO- AO OUTRO LADO

Situamos un obxecto no centro dunha folla, neste caso a boneca. Pedímoslle que sitúe outro obxecto (pegamento) a un lado, e despois pedímoslle que sitúe outro obxecto (rotulador) ao outro lado.



A continuación, pode representar isto mesmo no papel, pode debuxar os elementos que tiña, ou podemos debuxar unha liña no medio e pedirlle que debuxe un obxecto nun lado (sol) e outro, no outro lado (lúa).

É recomendable que escriba o seu nome.



## **BALEIRO-CHEO**



Contamos con dous recipientes (vasos, taciñas...) e obxectos para introducir (garavanzos, tapóns, arroz...). Pedímoslle ao neno ou nena que un dos recipientes ten que estar cheo, e o outro baleiro. Despois, el ou ela pode representar o que acaba de facer mediante un debuxo.

É recomendable que escriba o seu nome. Pode escribir debaixo de cada recipiente as palabras baleiro e cheo segundo corresponda.



## PRIMEIRO E ÚLTIMO DA FILA


Primeiro elabora unha fila con diversos obxectos. Despois, nunha folla representará eses obxectos por medio do debuxo. Por último, darémoslle a indicación de rodear o primeiro e tachar o último (ou outra indicación que estimes oportuna).





Despois, poden debuxalas eles, e recortalas. Aquí hai que ter en conta que recortar ben as figuras aínda pode ser complexo para algúns, por isto é recomendable que un adulto recorte dous ou tres figuras de cada.


Coas figuras recortadas a nena e o neno pode realizar a composición que queira. Despois pode pegala nunha folla e decorala. Pode escribir un título ou un nome para a súa obra. Tamén é recomendable que escriba o seu nome.



## ÓVALO

O primeiro será buscar algún obxecto por casa que a súa base teña forma de óvalo. Se non tedes, podedes recortar un cartón ou cartolina. Despois a nena e neno, usarán ese obxecto para marcar a forma. Poden marcalo tantas veces como queiran. A continuación poden decoralos, facer óvalos por dentro ou por fóra...

É recomendable que escriban o seu nome. Si quere, pode escribir a palabra óvalo.




## SERIES

Seguimos usando obxectos que teñamos por casa: tapóns, pezas de construcións, rotuladores, botóns, fabas, garavanzos, macarróns...


Estableceremos un patrón (dous tapóns azul claro, un tapón azul escuro), e o neno ou nena terá que repetir o patrón creando a serie.

Una vez finalice, pode debuxar a serie que realizou nunha folla. Tamén poden recoller cantos obxectos de cada empregou, neste caso 6 tapóns azul claro e 6 tapóns azul escuro.





## NÚMEROS


Empregamos as tarxetas dos números que elaboramos a semana pasada. Collemos unha e o neno ou nena ten que poñer tantos obxectos como se indica.



Despois pedímoslle que dividan esa cantidade en dous, como eles queiran. E coas tarxetas que indique cantos hai en cada grupo.



Despois, volverán a agrupalos todos xuntos e volver a contar cantos hai.






Pódese repetir varias veces, con diferentes cantidades.

Nas **actividades** nas que se propoñen **escribir algunhas palabras**, se lles custa (e queren), podemos axudalos coas tarxetas das letras que elaboramos a semana pasada. Primeiro axudamos a compoñer a palabra coas tarxetas, e despois a poden escribir na folla.



LARGO

CORTO



**COLOREA LOS ELEMENTOS MÁS LARGOS**




**A UN LADO**








**A OTRO LADO**



**DIBUJAR EL BALÓN EN EL LADO INDICADO EN CADA IMAGEN (DCHA O IZDA)**




- Repartir las bolas del bote grande en los dos pequeños. Escribir cuántas bolas se han dibujado en cada uno.
- Dibujar de nuevo todas las bolas en el bote vacío y escribir cuántas hay.



© Santillana Educación, S.L.

- Colorear las formas con las que se ha hecho la figura del modelo.

	VACÍO
	LLENO








	
	










	
	







- Colorear en cada caso la casilla correspondiente según los objetos estén llenos o vacíos.

# UNE LOS ELEMENTOS RELACIONADOS.







ÓVALO









					
---	---	--	--	--	--








					
---	---	--	--	--	--



					
---	---	---	--	--	--



					
---	---	---	--	--	--



© Santillana Educación, S.L.



**Colorear de marrón el animal que va en primer lugar y de color rosa al que va en último lugar.**

